

BANDO INFORMATIVO

Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2019

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso

INFORMA:

Da apertura do prazo para solicitar os Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2019

CONTIDO: Permiten gozar durante 10 días, dunha estadía socializadora e de convivencia, nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro; mediante o desenvolvemento de actividades que este ano estarán dirixidas especialmente ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa natureza e o mar, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

A solicitude de praza neste programa de campamentos específicos para persoas con discapacidade é compatible coa solicitude de prazas de inclusión no programa Campaña de verán 2019 da D.X. de Xuventude e Voluntariado

PERSOAS BENEFICIARIAS:

As persoas que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 33%, e unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos, segundo se indica en cada unha das quendas.

- Ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos. Ter cumprida a idade mínima ao inicio da quenda e non superar a idade máxima á súa finalización.
- Estar empadroadado nalgún concello de Galicia.
- Non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que se solicita.

Campamentos quendas específicas

Prezo xeral: 125 € | Prezo con Título de familia numerosa (-50%): 62,5€ | Prezo con Carné xove (-25%): 93,75€

PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación de solicitudes será estar aberto ata o día 3 de maio de 2019.

LUGAR DE INFORMACIÓN E PRESENTACIÓN: Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte, Baixo, Sigüeiro, telf: 981688950 con cita previa
Oroso, 12 de abril de 2019

O alcalde, Manuel Mirás Franqueira

